



Á ATENCIÓN DOS PAIS/NAIS DOS ALUMNOS

- Debe vir un solo membro da unidade familiar con toda a documentación completa e asinada.
- Hai que traer os impresos cubertos (se tes algunha dúbida , atenderemos por teléfono no horario do centro de 9.30 a 10.30 horas).
- **Recoméndase a presentación telemática sempre que sexa posible :As solicitudes poden presentarse por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>**
- Hai que traer as fotocopias feitas, no Libro de Familia hai que fotocopiar todas as follas escritas, incluída a primeira, a que ten o nº do Libro.

1. A PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO : alumnado de 3º, 4º, 5º E 6º EP.

- **Corresponde o seguinte número de libros segundo a renda familiar:**
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: seis libros de texto.
 - Ao alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 10.000 euros: catro libros de texto.
 - Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %: seis libros con independencia da renda.

2. AXUDAS ADQUISICIÓN LIBROS TEXTO: 1º E 2º EP

- Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros: EP (1º e 2º): **210 euros.**
- Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 6.000 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: EP (1º e 2º): **140 euros**
- Para o alumnado matriculado en EE, en centros específicos ou en unidades de EE de centros ordinarios, ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, a contía das axudas será **de 275 euros** con independencia da renda per cápita da unidade familiar.

3. AXUDAS ADQUISICIÓN MATERIAL ESCOLAR: 1º,2º,3º,4º,5º, E 6º EP

A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP, ESO e EE con **renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros será de 50 euros.**

COMO CALCULAR A RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2020** entre o número de membros computables. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Membros computables da unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o tutor ou tutores do alumnado.
- Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.
- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

IMPORTANTE: PRAZO DE DEVOLUCIÓN LIBROS DE TEXTO: ATA O 22 XUÑO.
RECOMÉNDASE DEVOLVELOS O ANTES POSIBLE.

- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2021/22.(Excepto alumnado 1º e 2º EP)
A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar.
- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2022/23 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

PRESENTACIÓN SOLICITUDES

As solicitudes, , entregaranse **nos centros docentes** nos que estea matriculado o alumnado.

As axudas serán solicitadas polos pais, nais, tutores ou representantes legais do alumnado .

A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2022/23, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso. Se están admitidos en centros docentes distintos, presentarse unha solicitude en cada un dos centros, na cal se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2022/23. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por alumno aínda que estean no mesmo centro.

As solicitudes poden presentarse por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> ou **presencialmente no colexio.**

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS

DO 19 DE MAIO AO 22 DE XUÑO.

Os libros adxudicados no fondo solidario (3º,4º,5º e 6º EP) serán publicados no taboleiro do colexio e na páxina web nas seguintes datas:

- **Listaxes provisionais: 5 de xullo**
- **Reclamacións das listaxes: 6 e 7 de xullo**
- **Listaxes definitivas: 8 xullo**

Nota: os libros adxudicados repatiranse no mes de setembro cando se inicie o curso escolar.

Os cheques para **adquisición de libros de 1º e 2º EP e para adquisición de material escolar** serán entregados nunha data a determinar polo centro e que se publicará na páxina web e por Abalar.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

Xunto coa solicitude presentárase orixinal e copia da seguinte documentación co fin de que a persoa que a reciba poida verificar a autenticidade da copia e devolva os orixinais.

Alumnado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

a) Fotocopia do **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar**(*hai que fotocopiar todas as follas escritas*).

No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar, **a día 31 de decembro de 2020**, non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse documento ou documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia, que acredite a situación familiar.

b) **Certificado do grao de discapacidade** do/da alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.

d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

e) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai /titores carezan de DNI/NIE

O alumnado de educación especial unicamente deberá presentar a solicitude de axuda, non sendo necesario xuntar documentación algunha.

O alumnado cunha minusvalidez igual ou superior ao 65%, só ten que presentar a certificación emitida polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 65%, xunto coa solicitude da axuda.

Os menores que se atopen en situación de garda, tutela ou atención de día pola Xunta de Galicia non terán que acreditar os datos da unidade familiar nin do nivel de renda.

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

IMPORTANTE: QUE O NOME DO SOLICITANTE COINCIDA CO O DO DNI (Non pór Luisa se é María Luisa) E FACER AS LETRAS E NÚMEROS LEXIBLES.

HORARIO DE ENTREGA DE SOLICITUDES NO COLEXIO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9.30-10.15	X	X	X	X	X
13.20-14.15	X				X

